



ACTA DA 2ª SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A DE OFICIAL ELECTROMECAÍNICO, PERSOAL LABORAL FIXO, POLO PROCEDIMENTO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Sendo as 10:00 horas do día 26 de decembro de 2024 reúnen as persoas que de seguido se relacionan para acordar o exame que se realizará ao aspirante segundo o previsto nas bases que rexen a convocatoria do proceso de estabilización temporal para a provisión, por persoal fixo, dunha praza de oficial electromecánico

- Presidencia
 - Titular: Ignacio Soto González (Arquitecto municipal do Concello de Teo)
- Vogais
 - Titular: Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo)
 - Titular: Ana Mª Varela González (técnica de medio ambiente do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)

Dáse conta do contido da base nove, concretamente nos seus apartados onde se establece que:

O procedemento de selección será o de concurso – oposición e constará dunha fase de oposición e unha fase de concurso.

A) Fase de Oposición (máximo 60 puntos)

As probas da fase de oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios, non tendo carácter eliminatorio os dous primeiros exercicios desta fase de oposición. Non obstante o anterior, non accederá á fase de concurso quen non acade un mínimo de 30 puntos no conxunto da fase de oposición ou quen, aínda cando acade a devandita puntuación, non supere o terceiro exercicio.

Os contidos e cualificación serán os que de seguido se describen:

A.1 Primeiro exercicio (máximo 25 puntos): de carácter obrigatorio e non eliminatorio, consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test composto por cincuenta (50) preguntas, máis cinco (5) de reserva, con catro (4) respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta, relacionado co contido funcional do posto e coas materias contidas no temario que figura como anexo II destas bases.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que con data límite da data de publicación da convocatoria contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.



CONCELLO DE TEO

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figura no anexo II e que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación da convocatoria do presente proceso selectivo.

O número de preguntas da parte xeral e da específica virá determinada, de forma aproximada, pola proporción existente entre o número de temas de cada parte.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos/as aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial darase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houberse máis dunha anulación.

O exercicio será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. O tempo máximo para a realización do exercicio será de setenta (70) minutos.

A puntuación máxima posible de este exercicio é de vinte e cinco (25) puntos, asignándose 50 centésimas de punto (0,50) por cada resposta correcta e restándose dez (0,10) centésimas de punto por cada resposta incorrecta.

No prazo de dous (2) días hábiles seguintes á celebración do exercicio, publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no mesmo lugar no que se realizou e na páxina web municipal: www.teo.gal.

De acordo co exposto , o tribunal réunese ás 10:00 horas do día 26 de decembro de 2024 na Sala de xuntas do Concello para a confección do primeiro exercicio tipo test, da fase de oposición segundo o disposto nas bases que rexen o proceso selectivo.

Incorpórase como Anexo I á presente o exercicio proposto.

Sendo as 12:00 horas procédese a realizar chamamento público da persoas aspirante, co seguinte resultado:

APellidos	NOME	DNI	ASISTENCIA
REY IGLESIAS	MARCELINO	***4388**	SI

Antes de comezar a realización do exercicio, explícaselle á persoa aspirante o sistema a seguir para dar cumprimento ao establecido nas bases.

Sendo as 12:01 horas da comezo a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, cunha duración de 70 minutos, rematando as 12:46 horas, momento no que entregou o exercicio o aspirante.

Sendo as 12:50 horas, procédese polo Tribunal a corrixir o primeiro exercicio da fase de oposición.



Sendo as 13:15 horas remata a corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, co seguinte resultado:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
REY IGLESIAS	MARCELINO	***4388**	7,30 ptos

De acordo ca base novena que rexen a convocatoria, o tribunal acorda:

Primeiro.- Que se publique a puntuación obtida pola persoa aspirante así coma as respostas correctas do cuestionario tipo test na xunta de goberno local (lugar onde se realizou o exercicio), na páxina web do Concello (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndolles un prazo de dous (2) días hábiles para os efectos de alegacións e/ou reclamacións.

Segundo.- Convocar á persoa aspirante, para a celebración do segundo exercicio da citada fase (proba práctica, non escrita, relacionada coas actividades e funcións habituais do posto a desempeñar, e con arranxo ao programa e materias incluídos na parte específica do temario correspondente ao anexo II das Bases que rexen a convocatoria), o **día 16 de xaneiro de 2025 ás 11:30 horas** na nave do servizo municipal de augas. O tribunal reunirse ás 10:00 horas do mesmo día para determinar o citado exercicio.

Sendo as 13:15 horas dáse por rematada a sesión, asinándose a presente acta en proba de conformidade.

Presidente	Vogal
Ignacio Soto González	Susana Calvo Baleato
Vogal	Secretario
Ana M ^a Varela González	Luis Javier Castro Martínez



ANEXO I

CUSTIONARIO TIPO TEST



PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A OFICIAL ELECTROMECÁNICO

FASE DE OPOSICIÓN. PRIMEIRO EXERCICIO.

DATA: 26 de decembro de 2024.

Nome e apelidos:

DNI:

Responder ás seguintes preguntas tipo test, onde soamente é correcta unha única resposta. A puntuación máxima é de 25 puntos (0.50 puntos por cada resposta correcta, restándose 0.10 puntos por cada resposta incorrecta).

1. Os dereitos e deberes fundamentais regúlanse en:

- a) O título preliminar da Constitución.
- b) O título primeiro da Constitución.**
- c) O título segundo da Constitución.
- d) O título terceiro da Constitución.

2. A forma política do Estado español é:

- a) Unha República
- b) Monarquía hereditaria.
- c) Unha monarquía parlamentaria.**
- d) Democracia parlamentaria.

3. A soberanía nacional reside en:

- a) No pobo español**
- b) No Congreso e no Senado
- c) Presidente do Gobierno.
- d) O Rei.

4. Na bandeira de España, a franxa amarela:

- a) É a metade de ancha que as vermellas
- b) É de igual anchura que as vermellas
- c) É o triplo de ancha que as vermellas
- d) É de dobre anchura que cada unha das vermellas**

5. As Forzas Armadas teñen como misión (marque a resposta incorrecta):

- a) Garantir a neutralidade de España.**
- b) Garantir a soberanía e independencia de España.
- c) Defender a integridade territorial de España.
- d) Defender o ordenamento constitucional de España.



6. De acordo ao disposto no artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, son funcións do Parlamento (marque a resposta incorrecta):
- a) Exercer a potestade legislativa da Comunidade autónoma.
 - b) Coordinar e dirixir a acción executiva de Galicia.**
 - c) Elixir de entre volos seus membros ao presidente da Xunta de Galicia.
 - d) Esixir, no seu caso, responsabilidade política á Xunta e ao seu Presidente.
7. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia o Parlamento será elixido por un prazo de:
- a) Catro anos.**
 - b) Dous anos.
 - c) Tres anos.
 - d) Cinco anos.
8. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, en materia de portos e aeroportos deportivos, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias:
- a) De execución.
 - b) De desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do Estado.
 - c) Exclusivas.**
 - d) De lexislación básica.
9. Segundo o Estatuto de Autonomía a circunscrición electoral será en todo caso:
- a) municipio.
 - b) A provincia.**
 - c) A Comunidade Autónoma.
 - d) Ningunha resposta é correcta.
10. A Xunta de Goberno local:
- a) Existe en todos os municipios.
 - b) Só nos municipios de máis de 10.000 habitantes.
 - c) Só nos municipios de máis de 20.000 habitantes.
 - d) En todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.**
11. O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta as seguintes atribucións (marque a resposta **incorrecta**):
- a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
 - b) Ditar bandos.
 - c) A aprobación do persoal de persoal e da relación de postos de traballo**
 - d) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal



12. A Comisión Especial de Contas existe:

- a) Exclusivamente nos municipios de poboación superior a 5.000 habitantes.
- b) Exclusivamente nos municipios de poboación superior a 10.000 habitantes.
- c) Exclusivamente nos municipios de poboación superior a 20.000 habitantes.
- d) En todos os municipios.**

13. En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) As persoas físicas, en todo caso.
- b) Quen exerza unha actividade profesional na que non se requira estar colexiado.
- c) As persoas xurídicas**
- d) Ningunha resposta é correcta.

14. De acordo ao artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días enténdese que:

- a) Estes son naturais.
- b) Estes son hábiles, excluíndose do cómputo só os domingos e os declarados festivos
- c) Estes son hábiles, excluíndose do cómputo só os declarados festivos.
- d) Estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.**

15. De acordo ao artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Pública, toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de :

- a) Dez días a partir da data en que o acto fose ditado.**
- b) Non é obrigatorio notificar os actos administrativos.
- c) Un mes a partir da data en que o acto fose ditado.
- d) Quince días a partir da data en que o acto fose ditado.

16. Os actos administrativos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia:

- a) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos**
- b) Produciranse de forma verbal.
- c) produciranse por escrito a través de medios electrónicos ou non electrónicos.
- d) Ningunha é correcta.



17. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, os principios da acción preventiva por parte do empresario inclúen (sinale a resposta incorrecta):
- Evitar os riscos.
 - Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
 - Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.**
 - Dar as debidas instrucións aos traballadores
18. Segundo o artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais , en cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva:
- Unicamente no momento da súa contratación.
 - Tanto no momento da súa contratación, só aos traballadores con xornada completa, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou introdúzanse novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo
 - Tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou introdúzanse novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo**
 - Ningunha das respostas anteriores é correcta.
19. De acordo ao disposto no artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de augas, saneamento e depuración do Concello de Teo, que regula a cota tributaria establécese en relación ao abastecemento de augas para os usuarios da modalidade de obras:
- Un mínimo de consumo ata 150m³/Trm: 0,5216€/ metro cúbico.**
 - Mínimo de consumo, ata 200m³/Trm: 0,5216€/ metro cúbico.
 - Un mínimo de consumo ata 30m³/Trm: 0,3130€/ metro cúbico.
 - Un mínimo de consumo ata 250m³/Trm: 0,5216€/ metro cúbico.
20. Segundo o disposto no artigo 22 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Teo, nos supostos nos que se produza unha fuga oculta na instalación interior particular a persoa usuaria poderá solicitar á entidade prestadora do servizo unha redución do:
- 60% do liquidado en concepto de abastecemento, saneamento e depuración, asumindo o Concello o 40% do importe do exceso de consumo liquidado.
 - 50% do liquidado en concepto de abastecemento, saneamento e depuración, asumindo o Concello o 50% do importe do exceso de consumo liquidado**
 - 75% do liquidado en concepto de abastecemento, saneamento e depuración, asumindo o Concello o 25% do importe do exceso de consumo liquidado
 - 30% do liquidado en concepto de abastecemento, saneamento e depuración, asumindo o Concello o 70% do importe do exceso de consumo liquidado



21. Un eléctrodo puro de tungsteno ten a designación AWS:

- a) **EWP**
- b) EWth-0
- c) EWTh-1
- d) Ningunha

22. Cal é a función eléctrica do revestimento dos eléctrodos?

- a) **Axuda a manter o arco eléctrico**
- b) Evita que o metal líquido absorba gases da atmosfera
- c) Permite que solidifique antes que o metal para formar o cordón de soldadura
- d) Ningunha

23. Que gases se usan no proceso de soldadura TIG:

- a) Argon
- b) **Argon-Helio**
- c) AGA MIX
- d) COS-H-N

24. UNE EN 1028-1:2003+A1:2009. Presión de proba dinámica dunha bomba, Cantos bar se suman á presión límite?

- a) 8,5 bar
- b) **5,5 bar**
- c) 3,5 bar
- d) 7,5 bar

25. Considérase ferro fundido cando posúe unha porcentaxe maior de carbono a:

- a) >1,5 %C
- b) >2,5 %C
- c) >1,9 %C
- d) **>2,0 %C**

26. Para medir a presión nun circuíto pneumático ou hidráulico é habitual usar como unidade o kp/cm^2 . Indica cal das seguintes equivalencias é INCORRECTA:

- a) $1\text{kp/cm}^2 = 0.968\text{ atm}$
- b) $1\text{kp/cm}^2 = 0.981\text{ bar}$
- c) $1\text{kp/cm}^2 = 98.100\text{ Pa}$
- d) **$1\text{kp/cm}^2 = 1\text{ Pa}$**

27. Se nun amperímetro de CA, o valor indicado da agulla marca 6 miliamperes e ademais está na escala de 0 – 10 (Ma). Cal é o factor multiplicador?

- a) 1×100
- b) 1×1
- c) **1×10**
- d) 1×1000



28. Que establece o artigo 11 do RD 614/2001?

- a) **Non existe o artigo 11**
- b) Normas de formación específica.
- c) Avaliación periódica de riscos eléctricos.
- d) Uso obrigatorio de calzado dieléctrico.

29. Que corrente mínima pode provocar fibrilación ventricular segundo o RD 614/2001?

- a) 10 mA
- b) **30 mA**
- c) 50 mA
- d) 100 mA

30. Que parámetro determina principalmente o tamaño do condutor de neutro nun sistema trifásico?

- a) Caída de tensión.
- b) Carga total do sistema.
- c) **Harmónicos presentes no sistema.**
- d) Lonxitude da liña.

31. Que establece a ITC-BT-24 do REBT?

- a) Procedementos de proba para instalacións.
- b) **Protección contra contactos directos e indirectos.**
- c) Medidas de illamento en baixa tensión.
- d) Procedementos de mantemento preventivo.

32. En que situacións é necesario instalar diferenciais tipo B?

- a) Circuitos con carga resistida.
- b) Circuitos trifásicos estándar.
- c) **Cargas con compoñentes de corrente continua.**
- d) Instalacións domésticas simples.

33. Cal é a función do gobernador nun grupo electrógeno?

- a) Regular a corrente de saída.
- b) **Manter constante a velocidade do motor primario.**
- c) Sincronizar a voltaxe de saída.
- d) Regular a potencia reactiva.

34. Nunha protección diferencial, se se produce un fallo externo ao transformador, como actúa o relé diferencial?

- a) Abre o interruptor principal.
- b) **Non actúa.**
- c) Reduce a corrente de excitación.
- d) Diminúe a voltaxe de saída.



35. Cal é o principal risco de utilizar un arrancador estrela-triángulo nun motor cunha carga que require alto par de arranque?
- a) Alto consumo de corrente na transición estrela-triángulo.
 - b) Quecemento**
 - c) Perda de sincronismo.
 - d) Aumento das perdas por histéresis.
36. Cal é a principal desvantaxe dun alternador con polos saíntes en aplicacións de alta velocidade?
- a) Alta inercia mecánica.
 - b) Perdas por efecto Joule.
 - c) Vibracións excesivas.
 - d) Limitacións mecánicas polas forzas centrífugas.**
37. Cal das seguintes máquinas hidráulicas de fluído non é unha turbomáquina?
- a) Axial
 - b) Centrífuga
 - c) De fluxo mixto
 - d) Rotativa**
38. Os alabas do rodete dunha bomba centrífuga:
- a) Son convexos**
 - b) Son rectos
 - c) Son de parafuso
 - d) Son cóncavos
39. En cal das seguintes bombas a saída do fluxo da auga é perpendicular ao eixo:
- a) Axiais
 - b) Centrífugas**
 - c) Helicocentrífugas
 - d) NEC
40. Que protección específica utilízase contra fallos a terra en sistemas con neutro illado?
- a) Relé de falla a terra por corrente residual.**
 - b) Relé de sobrevoltaxe.
 - c) Interruptor diferencial.
 - d) Ningunha das anteriores



41. Cal é a distancia mínima que debe existir entre os cables dunha rede de distribución subterránea de baixa tensión e outros dunha rede subterránea de alta tensión se van instalados en paralelo?
- a) **0,25 m**
 - b) 0,10 m
 - c) 0,30 m
 - d) 0,20 m
42. A cavitación consiste nun cambio de fase:
- a) Só de sólido a gas
 - b) Só de líquido a gas
 - c) **de líquido a gas e gas a líquido**
 - d) ningún dos tres
43. A DBO5 típica dunha auga residual de orixe doméstica de concentración media está na contorna de:
- a) 900 mg/l
 - b) 600 mg/l
 - c) **220 mg/l**
 - d) 50 mg/l
44. A efectos de aplicar a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración distínguense os seguintes usos:
- a) Domésticos, non doméstico e outros usos.
 - b) Doméstico e industrial
 - c) **Doméstico, Industrial e Obras**
 - d) Domésticos, non domésticos, municipais e usos especiais
45. Na oxidación biolóxica dun proceso de lodos activos, cal das seguintes afirmacións é falsa?
- a) É fundamental chegar o osíxeno suficiente para as reaccións de sínteses e respiración endóxena
 - b) A elevada salinidade pode producir un efecto inhibitor na oxidación
 - c) O rendemento do proceso biolóxico depende da biodegradabilidade da auga residual
 - d) **As reaccións de oxidación biolóxica son independentes da temperatura**
46. O permiso para unha vertedura na rede de colectores (vertedura indirecta) dunha industria radicada no Concello de Teo é competencia de:
- a) Augas de Galicia.
 - b) **Concello de Teo.**
 - c) Consellería de Economía, Emprego e Industria.
 - d) Deputación da Coruña



47. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta, falando dunha ETAP:

- a) **O sulfato de aluminio e o cloruro férrico son coagulantes.**
- b) O amidón é un coagulante.
- c) O policloruro de aluminio e o cloruro férrico son floculantes.
- d) Ningunha das anteriores

48. Cal é a distancia de seguridade mínima recomendada para traballos en alta tensión?

- a) 5 metros
- b) 15 metros
- c) 20 metros
- d) **10 metros**

49. Que normativa regula os requisitos de illamento en equipos eléctricos?

- a) **UNE-EN 60364**
- b) UNE-EN 50110
- c) UNE-EN 60900
- d) UNE-EN 60204

50. De acordo co Regulamento do Servizo Municipal de Augas de Teo, toda edificación de nova construción estará obrigada a conectarse ás redes públicas de abastecemento e saneamento se está a unha distancia igual ou menor a:

- a) **50 metros**
- b) 25 metros
- c) 75 metros
- d) 100 metros



PREGUNTAS RESERVA

1. A ETAP de Pontevea ten unha capacidade de tratamento de:
 - a) 260 m³/h
 - b) **360 m³/h**
 - c) 100 m³/h
 - d) 180 m³/h

2. De acordo co Regulamento do Servizo Municipal de Augas de Teo, as multas serán:
 - a) Ata 6.000 para as infraccións leves, de 6.001 a 20.000 para as graves e de 20.001 a 100.000 para as moi graves.
 - b) Ata 5.000 para as infraccións leves, de 5.001 a 30.000 para as graves e de 30.001 a 100.000 para as moi graves.
 - c) **Ata 6.000 para as infraccións leves, de 6.001 a 30.000 para as graves e de 30.001 a 100.000 para as moi graves.**
 - d) Ata 5.000 para as infraccións leves, de 5.001 a 20.000 para as graves e de 20.001 a 100.000 para as moi graves.

3. Que normativa específica regula os cadros eléctricos en baixa tensión?
 - a) IEC 60243
 - b) ITC-BT-17
 - c) IEC 60947
 - d) **REBT E UNE-EN 61439**

4. Cuantos títulos ten a Constitución española:
 - a) **Un Título preliminar e dez títulos.**
 - b) Doce títulos.
 - c) Un Título preliminar e trece títulos.
 - d) Un Título preliminar e catorce títulos.

5. Calquera cidadán poderá solicitar a tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a Sección primeira do Capítulo segundo a través do recurso de amparo?
 - a) Ante o Tribunal Supremo.
 - b) **Ante o Tribunal Constitucional.**
 - c) Ante o Consello Xeral do Poder Xudicial.
 - d) Ante calquera xulgado ou tribunal.